Published on *Instituto Galego do Consumo e da Competencia* (https://consumo.xunta.gal)

Programa Cores



Programa Cores

Tipo de actividade:

Oferta permanente

Duración:

Anual

Localización:

Escola Galega de Consumo (EGC)

Lugar designado polo usuario

Modalidade:

Obradoiro

Charla participativa

Dirixido a:

Outros colectivos

O Programa Cores pretende achegar a educación en materia de consumo responsable ao maior número de destinatarios posible, adaptándose ás súas necesidades.

Tipo de actividade

Cores é o programa permanente da Escola Galega do Consumo (EGC) a través do cal se ofertan obradoiros e charlas participativas ao longo de todo o ano.

Localización

- As actividades realízanse nas instalacións da EGC, que conta con aulas especificamente equipadas para o seu desenvolvemento, ou noutro lugar indicado pola persoa ou entidade solicitante no formulario de inscrición.

Modalidade

Para facilitar a participación de todos os sectores da poboación, cada actividade pode realizarse en dous formatos diferentes:

- Obradoiro: as distintas temáticas trabállanse a través dunha serie de dinámicas que mostran situacións de consumo da vida cotiá.
- Charla participativa: as distintas temáticas trabállanse a través dunha explicación oral, apoiadas cunha presentación audiovisual e empregando un discurso aberto, de modo que se facilite a participación do alumnado.

Organización

- A duración estimada de cada actividade é de 60 minutos.
- O horario de realización das actividades é de luns a venres, de mañá e de tarde.
- As actividades poden adaptar a súa duración e contidos ás necesidades educativas especiais ou ás demandas específicas de cada colectivo, o que se debe sinalar de maneira específica no formulario de inscrición.
- Para as actividades que se desenvolven fóra das instalacións da EGC establécese un mínimo de 15 participantes.

Oferta de actividades por temáticas

Para facilitar a elección, as actividades divídense en cinco grandes temáticas:

- Alimentación e etiquetado
- Publicidade
- Consumo responsable
- TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación)
- Dereitos e deberes

Participación

- Cubrir e enviar o formulario de inscrición.
- A continuación, a EGC confirmará a reserva da actividade solicitada, sinalando as datas e os horarios para cada actividade.

Programa de actividades

De 3 a 7 anos

De 8 a 12 anos

De 13 a 17 anos

18 anos en diante

Pirámide dos alimentos: A través do recurso didáctico A pirámide dos alimentos explícanse as características básicas dos distintos alimentos e como manter unha dieta equilibrada.

Consumo responsable no supermercado: Obradoiro práctico na aula Supermercado. Simulación dunha compra para analizar o significado de practicar un consumo responsable. Pasos para realizar unha compra responsable: que facer antes, durante e despois de comprar.

Traballando a igualdade a través da publicidade: Análise da elección de xoguetes desde o punto de vista do xénero. Influencia da publicidade e dos estereotipos de xénero empregados nos recursos publicitarios dirixidos á infancia.

Xoguetes: Diferenzas entre os xoguetes e aqueles produtos que non o son. Envases e etiquetaxe dos xoguetes. Pautas de seguridade para un uso responsable dos xoguetes.

Telefonía móbil: Principais aspectos de consumo na telefonía móbil: contratación, tarifas, portabilidade, roaming, datos móbiles. Dereitos das persoas usuarias da telefonía móbil e vías de reclamación.

Pirámide dos alimentos: A través do recurso didáctico A pirámide dos alimentos explícanse as características básicas dos distintos alimentos e como manter unha dieta equilibrada.

Consumo responsable no supermercado: Obradoiro práctico na aula Supermercado. Simulación dunha compra para analizar o significado de practicar un consumo responsable. Pasos para realizar unha compra responsable: que facer antes, durante e despois de comprar.

Aprendendo a ler etiquetas: Explicación das nocións básicas da etiquetaxe dos produtos a través dun xogo de descubrimento.

Linguaxe publicitaria: Principais elementos da publicidade (cor, slogan, música, personaxes e liñas). Influencia da publicidade nas decisións de consumo. Pasos para a realización dunha campaña publicitaria.

Comercio xusto: Achegamento ao concepto de comercio xusto. Diferenzas con outras formas de comercio. Principios básicos do comercio xusto. O seu impacto na economía mundial e nos países norte/sur.

Xoguetes: Diferenzas entre os xoguetes e aqueles produtos que non o son. Envases e etiquetaxe dos xoguetes. Pautas de seguridade para un uso responsable dos xoguetes.

Deseñando o noso videoxogo: Tipos de videoxogos segundo os seus contidos. Recomendacións por idade segundo o Código PEGI. Influencia dos videoxogos no comportamento dos seus usuarios e usuarias.

Navegando pola rede: Xogos e actividades para descubrir como navegar pola rede dun modo seguro. Vantaxes e potenciais riscos dun uso inadecuado de Internet.

Resolución de conflitos de consumo: Pasos a seguir antes, durante e despois de presentar unha reclamación en materia de consumo. Funcionamento dos servizos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e as súas vías de resolución de conflitos.

Etiquetaxe xeral: Partes xerais e obrigatorias da etiquetaxe de calquera produto que se comercialice. Importancia de coñecer a etiquetaxe para tomar a mellor decisión de consumo.

Etiquetaxe alimenticia: Análise específica da etiquetaxe alimentaria atendendo á normativa en vigor. Etiquetaxe nutricional e compoñentes alérxenos dos alimentos.

Consumo responsable no supermercado: Obradoiro práctico na aula Supermercado. Simulación dunha compra para analizar o significado de practicar un consumo responsable. Pasos para realizar unha compra responsable: que facer antes, durante e despois de comprar.

Linguaxe publicitaria: Principais elementos da publicidade (cor, slogan, música, personaxes e liñas). Influencia da publicidade nas decisións de consumo. Pasos para a realización dunha campaña publicitaria.

Publicidade ilícita: Diferenza entre a publicidade e a información. Identificación dos distintos tipos de publicidade ilícita: en que consisten e como denunciar.

Publicidade no punto de venda: Publicidade no punto de venda dentro do conxunto de técnicas de merchandising. Comportamento das persoas consumidoras na toma de decisións.

Consumo responsable: as marcas: Hábitos de compra das persoas consumidoras baseados na influencia das marcas como principal criterio de elección.

Comercio xusto: Achegamento ao concepto de comercio xusto. Diferenzas con outras formas de comercio. Principios básicos do comercio xusto. O seu impacto na economía mundial e nos países norte/sur.

Consumo na rede: Uso e consumo responsable das novas tecnoloxías. Vantaxes e potenciais riscos no uso de Internet e outros conceptos vinculados ao uso das TIC (sexting, cyberbulling, grooming, uso abusivo).

Resolución de conflitos de consumo: Pasos a seguir antes, durante e despois de presentar unha reclamación en materia de consumo. Funcionamento dos servizos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e as súas vías de resolución de conflitos.

Etiquetaxe xeral: Partes xerais e obrigatorias da etiquetaxe de calquera produto que se comercialice. Importancia de coñecer a etiquetaxe para tomar a mellor decisión de consumo.

Etiquetaxe alimenticia: Análise específica da etiquetaxe alimentaria atendendo á normativa en vigor. Etiquetaxe nutricional e compoñentes alérxenos dos alimentos.

Alimentos funcionais: Identificación do concepto de alimentos funcionais. Análise das propiedades máis comúns destes alimentos a través das alegacións da normativa vixente.

Consumo responsable no supermercado: Obradoiro práctico na aula Supermercado. Simulación dunha compra para analizar o significado de practicar un consumo responsable. Pasos para realizar unha compra responsable: que facer antes, durante e despois de comprar.

Linguaxe publicitaria: Principais elementos da publicidade (cor, slogan, música, personaxes e liñas). Influencia da

publicidade nas decisións de consumo. Pasos para a realización dunha campaña publicitaria.

Publicidade ilícita: Diferenza entre a publicidade e a información. Identificación dos distintos tipos de publicidade ilícita: en que consisten e como denunciar.

Publicidade no punto de venda: Publicidade no punto de venda dentro do conxunto de técnicas de merchandising. Comportamento das persoas consumidoras na toma de decisións.

Consumo responsable: as marcas: Hábitos de compra das persoas consumidoras baseados na influencia das marcas como principal criterio de elección.

Comercio xusto: Achegamento ao concepto de comercio xusto. Diferenzas con outras formas de comercio. Principios básicos do comercio xusto. O seu impacto na economía mundial e nos países norte/sur.

Produtos ecolóxicos e de calidade: Principais características dos produtos ecolóxicos e do comercio de proximidade. Selos e certificacións de calidade e o seu significado.

Consumo na rede: Uso e consumo responsable das novas tecnoloxías. Vantaxes e potenciais riscos no uso de Internet e outros conceptos vinculados ao uso das TIC (sexting, cyberbulling, grooming, uso abusivo).

Compras en Internet: Pasos para comprar en Internet dun modo seguro e para evitar fraudes: identificación de páxinas seguras, dos distintos medios de pagamento, posibilidade de abandonar a compra. Dereitos das persoas consumidoras no caso das compras a distancia.

Contratación de viaxes na rede: Pasos para contratar unha viaxe combinada a través de internet: identificación de páxinas seguras, de medios de pagamento, abandono da compra. Organismos onde acudir en caso de irregularidade na contratación da viaxe ou durante a súa realización.

Resolución de conflitos de consumo: Pasos a seguir antes, durante e despois de presentar unha reclamación en materia de consumo. Funcionamento dos servizos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia e as súas vías de resolución de conflitos.

Unha viaxe segura: Dereitos básicos ao utilizar diferentes medios de transporte público: tren, autobús, barco e avión. Como reclamar dependendo do medio de transporte.

Servizos financeiros: Características básicas dos principais produtos e servizos bancarios. Estratexias para a adquisición e uso responsable dos servizos financeiros.

Inscrición

Inscribirse na actividade

Documentación e ligazóns relacionadas

Cartel informativo Programa Cores

Source URL:https://consumo.xunta.gal/gl/formacion/actividades/programa-cores